



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 18 DE XANEIRO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Proxecto de Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomea a Aurora Moinelo delegada provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Coruña

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores

INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E  
TRANSPORTES

- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "reposición da pasarela municipal sobre o río Groba, denominada Ponte Muíño, no núcleo de Sabarís, municipio de Baiona. Pontevedra", por unha contía aproximada de cento cincuenta mil euros (150.000 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reparación da estrada PO-212 no p.q. 15+800, treito Agolada (N-649)-Rodeiro (PO-353), por unha contía aproximada de trece mil dezasete euros con sesenta e oito céntimos (13.017,68 €)



- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reparación da estrada PO-223 p.k. 8+ 100 e p.k. 8+ 350, treito Pontevedra-Campolameiro, por unha contía aproximada de cincocentos trinta e nove mil trescentos noventa e un euros con trinta céntimos (539.391,30 €).
- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reparación da estrada Po-223 p.k. 8+ 500, treito Ponte Bora (N-541)-Carballedo (PO-232), por unha contía aproximada de vinte mil novecentos cincuenta e oito euros con sesenta e un céntimos (20.958,61 €).
- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reparación da estrada PO-224 p.k. 6+ 500, treito Ponte Bora (N-541)-San Antoniño (N-550)", por unha contía aproximada de corenta e nove mil douscentos catro euros con oitenta céntimos (49.204,80 €)
- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reparación dun pontón na estrada PO-223 Pontevedra-Campolameiro p.k. 8+ 490 (treito antigo) e dun noiro no p.q. 8+ 100 marxe esquerda, por unha contía aproximada de douscentos vinte mil oitocentos trinta e un euros con vinte e cinco céntimos (220.831,25 €).
- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reparación do pavimento na estrada PO-315 Darbo-Aldán, por unha contía aproximada de sesenta e un mil seiscentos trinta euros con un céntimo (61.630,01 €)



## O GOBERNO GALEGO APROBA O PROXECTO DE LEI DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS

- A lei ten por obxecto a defensa dos montes, e a extinción e prevención de incendios e a protección das persoas e dos bens
- Establece a creación do Plan director de servizos contra incendios e salvamento, que contará cunha estrutura de base territorial, profesionalizada e integrada baixo o mando único da Administración
- O Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios obriga a establecer medidas de prevención contra o lume nos planeamentos urbanísticos como franxas de protección de 50 metros arredor das edificacións ou o establecemento de tomas de auga
- Inclúe o desenvolvemento de redes de defensa dos distritos forestais e a obrigatoriedade dos propietarios de ter o monte coidado
- Limitanse as posibilidades de facer lume en determinadas épocas do ano e indícanse os requisitos para o uso da maquinaria agrícola nas épocas de risco

O Goberno galego deulle hoxe o visto e prace ao proxecto de Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Deste xeito dótase a Galicia dunha nova norma que establece medidas preventivas que faciliten a loita contra o lume. Esta lei ten como principal obxectivo actualizar o réxime xurídico da loita contra os incendios no medio rural, integrando a prevención e a extinción ademais da protección da poboación, das infraestruturas e das instalacións agrarias. Unicamente, di o texto, considerando estas tres liñas de actuación no seu conxunto será posible garantir un tratamento eficaz do problema.

O documento xustifica a necesidade da lei para velar polo coidado do monte, que en Galicia ten unha especial relevancia, posto que representa o 65% da superficie galega. Outro dato, aproximadamente o 50% da produción forestal do Estado extráese dos montes galegos. Ademais é unha importante base territorial para o desenvolvemento da gandaría extensiva. Neste escenario, os incendios forestais constitúen unha grave ameaza para calquera política seria de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia

Entre as causas e características do territorio galego que dificultan a protección do monte destacan a fragmentación da propiedade, o desequilibrio entre zonas, o abandono da agricultura, a gandaría extensiva sen control e a progresiva transformación das parcelas agrícolas fragmentadas en terreos de monte, o que deu lugar a unha progresiva desorde do territorio incrementando a ameaza derivada dun incendio forestal.



Por tales motivos, a planificación preventiva preséntase como un elemento estrutural fundamental. Así, a lei identifica, dentro do sistema de defensa, os obxectivos e recursos a ter en conta e desenvolve un modelo activo, dinámico e integrado, encadrando os instrumentos dispoñibles. Para levar a cabo este sistema expón catro criterios baixo os que se estrutura o mecanismo de defensa e prevención do monte: organizar a xestión da biomasa en zonas estratéxicas, especialmente nas de alto risco de incendio; reforzar as estruturas de extinción e de prevención dos incendios forestais; ampliar os esforzos de educación, sensibilización, divulgación e extensión agroforestal para a defensa do medio rural contra os incendios e para o uso correcto do lume nestes lugares e reforzar a vixilancia e poñer límite á actividade criminal incendiaria mediante a colaboración veciñal ademais de asegurar a eficacia na fiscalización e aplicación do réxime sancionador.

#### Prevenición, definición, defensa e vixilancia

A lei preséntase en 8 capítulos: o I no cal se recollen as disposicións xerais; o II, a planificación da defensa do espazo rural, co establecemento de catro niveis: autonómico, de distrito, municipal ou inframunicipal. A planificación será a través do Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia; o III dedícase ás actuacións preventivas, tendo en conta as infraestruturas; o IV refírese á regulación de condicións de acceso, permanencia e circulación en zonas forestais, en especial nas épocas de perigo alto de incendios forestais; o V regula o uso daquelas actividades en que se emprega o lume; o VI recolle condicións para a realización de determinados aproveitamentos forestais, agrícolas e gandeiros no monte; o VII refírese ao réxime sancionador e o VIII regula os incentivos ás persoas titulares de terreos forestais, especialmente a aqueles afectados polas figuras preventivas nos planeamentos.

O obxecto desta lei é defender os montes ou terreos forestais e protexer as persoas e os bens por eles afectados, promovendo a adopción dunha política activa de prevención coordinada de todas as administracións públicas de acordo coa lexislación galega en materia de emerxencias. Estas actuacións baséanse en catro eidos: a proposición de iniciativas nos montes e áreas lindeiras mediante tratamentos axeitados da biomasa vexetal; compatibilizar e regular os aproveitamentos e transformacións do monte coa finalidade de evitar incendios; establecer condicións para a protección dos asentamentos rurais respecto dos incendios forestais; regular as repoboacións forestais e a redacción dos diferentes plans de prevención e, por último, a defensa e coordinación entre as distintas administracións. Tras explicar polo miúdo o obxecto da lei, o documento recolle a definición de 25 termos relacionados directamente co eido agroforestal e que permiten diferenciar de maneira adecuada as distintas denominacións técnicas.



Dentro do punto de obrigas xerais, destaca a obriga das persoas propietarias, arrendatarias e usufrutuarias de terreos forestais e de zonas de influencia forestal, así como a titulares ou concesionarias de infraestruturas públicas situadas neles de mantelos en condicións adecuadas para evitar os incendios forestais, respectando especialmente as relativas á xestión da biomasa vexetal e ás disposicións relativas a determinadas especies.

No que respecta ao sistema de defensa contra incendios forestais de Galicia especificase a súa formación, composta por medidas e accións dirixidas á prevención e protección do monte contra os incendios forestais. Inclúese así a sensibilización, planificación, ordenamento do espazo forestal e agrario, silvicultura, infraestruturas, vixilancia preventiva, detección, combate e control. Todas estas medidas serán levadas a cabo polas administracións e entidades implicadas na defensa do monte.

Neste sentido, defínese o órgano competente na xestión dos incendios, que será o encargado de levar un rexistro cartográfico e informático das superficies queimadas e das redes de defensa contra os incendios. Para iso normalizarase o sistema de toma de datos.

#### Repartición de competencias

A lei establece, dentro das competencias de cada Administración, que a Xunta será a encargada de desenvolver a política xeral de prevención e loita contra os incendios; o Plan de Prevención de Defensa contra os Incendios; a definición das zonas de alto risco e épocas de perigo de incendios; as medidas de prevención e loita contra os incendios; a xestión das redes primarias e secundarias de faixas de xestión da biomasa; ordenación da biomasa; regulación das actividades susceptibles de provocar incendios; control e autorización do uso do lume; coordinación das actuacións das administracións públicas e dos particulares nas tarefas de loita e prevención; execución subsidiaria ou directa de traballos preventivos; velar pola recuperación dos terreos incendiados e o incumprimento das medidas que para tal efecto se establezan.

A consellería competente no eido forestal será a encargada de establecer os índices de risco cada ano, tendo en conta as variables meteorolóxicas. O índice de risco recolle catro niveis: baixo (1); moderado (2); alto (3), moi alto (4) e extremo (5)

Pola súa banda, será competencia das entidades locais elaborar plans municipais de prevención e integralos nos de emerxencia municipais, adoptar medidas preventivas nos terreos da súa titularidade; colaborar cos medios dispoñibles na extinción e ordenar a execución das obras necesarias para manter o solo e a biomasa vexetal.



### Plans municipais e inframunicipais

O plan de prevención reflectirá a política e as medidas para a defensa dos terreos forestais e as áreas de influencia forestal, abranguerá os plans de prevención, sensibilización, vixilancia, detección, extinción, investigación e desenvolvemento, soporte cartográfico, coordinación e formación dos medios e axentes do servizo, así como unha definición clara de obxectivos e metas.

A elaboración do plan realizarase consonte o previsto na lexislación galega de emerxencias e debe conter as orientacións básicas que se van concretar nos plans dos distritos, reflectíndose nos niveis subseguintes da planificación. Neste eido, terans en conta as achegas feitas por concellos e mancomunidades, dado que coñecen de primeira man as particularidades de cada zona. Ademais concellos e distritos deberán propoñer os seus plans propios, coas actuacións que se van desenvolver en cada caso particular.

### Límites no urbanismo

No eido da prevención, a lei recolle que os instrumentos de planeamento urbanístico deberán ter en conta a avaliación de risco de incendio forestal. Neste sentido, especificase que as edificacións de uso residencial, comercial, industrial ou de servizos e instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, así como as vivendas vinculadas a elas situadas en zonas de alto risco ou en zonas de influencia forestal deberán cumprir os seguintes requisitos: asegurar a existencia dunha faixa exterior de protección de 50 metros de ancho ao seu redor, libre de vexetación seca e coa masa arbórea aclarada; manter o terreo non edificado da parcela ou parcelas libre de vexetación seca e coa masa arbórea aclarada; adoptar medidas especiais relativas á resistencia do edificio, á pasaxe do lume e á contención de posibles fontes de ignición, dispor de rede de hidrantes para a extinción ou de tomas de auga.

### Creación de redes de defensa

Como medida preventiva destaca a creación de redes de defensa do distrito forestal. Estas redes integran redes de faixas de xestión de biomasa, mosaicos de parcelas de xestión de biomasa, redes viarias forestais, de puntos de auga, de vixilancia e detección de incendios forestais, así como outras infraestruturas de apoio e extinción. A Consellería será a encargada tamén de realizar a recollida, rexistro e actualización da base de datos das redes de defensa contra os incendios no distrito.

Tamén se refire neste apartado á creación de redes de faixas de xestión da biomasa: trátase de redes primarias, secundarias e terciarias que teñen como misión a diminución da superficie percorrida por grandes incendios permitindo a extinción do lume, a redución dos efectos de propagación, protexendo as vías de comunicación,



infraestruturas e equipamentos sociais, zonas edificadas e áreas forestais e naturais de valor especial e o illamento de potenciais focos de ignición de incendios

As redes primarias pretenden o establecemento en lugares estratéxicos, de condicións favorables para a extinción de grandes incendios. Estas faixas posúen unha largura non inferior a 125 metros e definen compartimentos que deben ter entre 500 e 1.000 hectáreas. O seu planeamento debe considerar a súa eficacia na extinción, a seguridade das persoas responsables da extinción, o valor socioeconómico, paisaxístico e ecolóxico dos terreos forestais, características fisiográficas e particularidade da paisaxe local e historial dos grandes incendios forestais nos distritos.

Polo que respecta ás redes secundarias son de ámbito municipal e inframunicipal. Localízanse sobre infraestruturas viarias e ferroviarias públicas, liñas de transporte e distribución da enerxía eléctrica, áreas de especial protección dos núcleos de poboación, ademais de todas as edificacións, cámpings, áreas recreativas, polígonos industriais ou plataformas loxísticas, entre outras.

Neste senso, a lei recolle a obrigatoriedade dos propietarios e responsables dos terreos forestais e terreos localizados nas zonas de influencia forestal de xestionar unha biomasa vexetal na totalidade das parcelas que se atopen, fóra do monte, a unha distancia inferior a 50 metros do seu perímetro e, nunha franxa de 100 metros arredor de calquera núcleo de poboación, edificación, depósito de lixo, cámpings e outras instalacións que estén situadas a menos de 400 metros do monte. Ademais nos 50 metros desde a estrema da propiedade non poderá haber determinados especies de árbores e arbustos. Nesta liña a lei obriga aos propietarios a manter limpas as franxas de protección de 50 metros ao redor dos núcleos poboacionais.

#### Uso da silvicultura como resistencia

Outro dos artigos da lei refírese á aplicación da silvicultura, que engloba o conxunto de medidas aplicadas ás masas forestais, matogueiras e outras formacións espontáneas, co obxectivo de diminuír o perigo de incendio e de garantir a máxima resistencia da vexetación á propagación do lume. Os instrumentos de xestión forestal deben explicitar as medidas que garantan a descontinuidade horizontal e vertical da biomasa forestal e alternancia de teselas (parcelas forestais). A dimensión das teselas deberá variar entre 20 hectáreas e 50. Nas accións de forestación ou de reforestación, as masas forestais monoespecíficas non poderán ter unha superficie continua superior a 50 hectáreas.

#### Mecanismos de prevención

Co obxecto de evitar riscos de incendio, establécense as seguintes prohibicións con carácter xeral: repoboacións forestais en solo urbano e núcleos rurais e en zonas



dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos. As repoboacións forestais que linden con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria deberán gardar como mínimo 10 metros de distancia respecto deles. Indícanse neste termo outros aspectos e diversas distancias, tendo en conta outras características.

No uso de produtos, prohíbese o depósito de subprodutos de explotación forestal, tal e como a biomasa forestal residual e de produtos inflamables nas redes primarias e secundarias e nos mosaicos de parcelas de xestión da biomasa. Ademais, nos meses de xullo, agosto e setembro só será permitido o amoreamento en cargadeiro de subprodutos resultantes de corte ou extracción forestal residual, achas, cortiza e de todo tipo de restos agrícolas, sempre que sexa salvagardada unha área sen vexetación con 10 metros arredor.

Tamén como medida preventiva, prohíbese o uso do lume nos montes, terreos forestais e zonas de influencia forestal, agás para as actividades e nas condicións, períodos ou zonas autorizadas pola consellería competente en materia forestal. A queima de restos agrícolas en terreos forestais debe ser comunicada previamente con carácter obrigatorio e deberá ser autorizada tamén previamente. Nos casos de queimas controladas, ademais de aprobarse debe estar presente un técnico adecuado. Sen o seu acompañamento será considerada como intencionada, coas correspondentes sancións.

Con respecto aos foguetes ou pirotecnia estes deben contar coa autorización do concello, entidade encargada de comunicalo á consellería cun mínimo de 48 horas antes. O departamento da Xunta comunicará as condicións nos que debe darse.

Nas zonas de influencia forestal, durante as épocas de risco queda prohibido realizar fogueiras para o recreo ou ocio e para confección de alimentos, así como a utilización de equipamentos de queima e de combustión destinados á iluminación ou confección de alimentos. Tampouco se poderán queimar matogueiras cortadas e amoreadas e calquera tipo de sobrantes de explotación, limpeza ou obxectos combustibles.

#### Accesos nas zonas de risco

Durante a época de alto risco de incendios forestais queda condicionado o acceso, a circulación e permanencia de persoas e bens no interior de zonas de alto risco de incendios, aéreas forestais ou naturais baixo a xestión da Xunta de Galicia e nas áreas onde exista sinalización correspondente á limitación de actividades. Fóra destas épocas quedan determinados tamén os accesos e actividades en determinadas zonas que poidan ter índice de risco forestal.

Tamén se regula o uso de determinada maquinaria. Así, durante determinadas franxas temporais será obrigatorio que todo tipo de tractores, máquinas e vehículos de





transporte pesado sexan dotados de dispositivos de retención de faiscas e de dispositivos antilapas nos tubos de escape e de equipos de extinción.

Outro dos puntos regulados é o aproveitamento e repoboación cinexética en terreos queimados, que quedan prohibidos durante un período de tres anos desde a data do lume, agás autorización expresa logo dun informe favorable por parte da Xunta.

**Medios fixos e móbiles para intensificar a vixilancia**

A vixilancia e detección de incendios forestais poderá realizala calquera persoa que detecte un incendio forestal, que está obrigada a alertar de inmediato ás entidades competentes. Establécese ademais unha rede de puntos de vixilancia, que asegura en todo o territorio de Galicia as funcións de detección fixa de incendios forestais. Tamén se explicita unha rede de vixilancia móbil, dependente dos servizos de defensa contra incendios forestais, así como medios aéreos. A estes engádense os medios das distintas administracións públicas que se establezan a través dos instrumentos de colaboración e cooperación institucional, agrupacións de defensa contra incendios e o voluntariado social.

O sistema de extinción de incendios forestais basearase nunha estrutura de base territorial, profesionalizado e integrado, baixo o mando único da Administración competente en materia forestal, a través do órganos que se especifiquen no Plan director de servizos contra incendios e salvamento.

Poderán participar nas operacións de extinción e de remate de incendios forestal os vixilantes da natureza das áreas protexidas, brigadas de comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común, de entidades locais e outros grupos que sexan recoñecidos pola consellería competente en materia forestal. Tamén participarán os efectivos dos distintos corpos de bombeiros pertencentes ás entidades, mancomunidades, agrupacións de defensa contra incendios forestais e consorcios locais e as persoas propietarias e titulares de dereitos reais e persoais dos terreos forestais cos medios materiais que dispoñan, ou poidan ser postos á súa disposición polos servizos de extinción de incendios baixo as ordes e directrices da Administración competente.

En situacións de emerxencia, cando para a extinción de incendio forestal fose preciso, a persoa directora ou responsable técnica das tarefas de extinción poderá mobilizar os medios públicos e privados para actuar na extinción de acordo cun plan de operacións. Así mesmo, poderá dispor, cando sexa necesario e aínda que non se poida contar coa autorización das persoas titulares respectivas, a entrada de equipos e medios en predios forestais ou agrícolas, a circulación por camiños privados, a apertura de fendas en muros ou cercados, a utilización de augas, a apertura de



cortalumes de urxencia e a queima anticipada, nas zonas que se considere, dentro dunha normal previsión, que poden ser consumidas polo incendio.

#### Mapas de risco

Anualmente, unha vez rematada a época de perigo alto de incendios, a Administración autonómica galega promoverá a elaboración dun mapa de riscos, no que se concretarán as zonas sensibles á erosión, a afección sobre os cursos e recursos hídricos, forestais e pesqueiros e as infraestruturas.

Así mesmo promoverá a adopción de medidas urxentes e de colaboración cos afectados polos incendios para levar a cabo nas zonas de actuación prioritaria. Estas serán acometidas polos diferentes departamentos ou consellerías competentes na respectiva materia sectorial. Estas medidas urxentes poderán consistir en actuacións para a conservación dos ecosistemas naturais, dos recursos forestais, hídricos e do solo e en medidas destinadas á rexeneración dos terreos, establecendo limitacións ou prohibicións daquelas actividades que sexan incompatibles coa rexeneración da cuberta vexetal.

Neste apartado tamén recolle que o Consello da Xunta poderá declarar de utilidade pública as ocupacións de infraestruturas ou bens privados que sexan necesarios para a execución das obras de restauración e rexeneración dos terreos queimados, así como para realizar calquera actuación destinada á protección hidrolóxica.

Tras a aprobación deste proxecto de lei por parte do Goberno galego, agora entrará no Parlamento de Galicia para seguir os trámites pertinentes na Cámara autonómica. Desde hoxe pode ser consultada na web da Xunta.



## POLÍTICA TERRITORIAL INVISTE MÁIS DE UN MILLÓN DE EUROS EN OBRAS EN ESTRADAS DE PONTEVEDRA AFECTADAS POLAS CHOIVAS DE OUTUBRO

- As actuacións, declaradas de emerxencia pola CPTOPT, teñen que ver con limpeza de foxos, reconstrución de pontes, fresado e reposición de pavimentos e limpeza de redes pluviais, entre outras

A conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, María José Caride, deulle hoxe conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia de varias obras que se están a acometer en estradas da provincia de Pontevedra que se viron afectadas polas choivas do mes de outubro. A estas obras destináronse máis dun millón de euros, que se engaden ás actuacións tamén de emerxencia das cales xa se tratou en anteriores reunións do Consello da Xunta.

As actuacións declaradas de emerxencia pola CPTOPT das que hoxe se lle deu conta ao Consello son de moi diversa índole: limpeza de foxos, reconstrución de pontes, fresado e reposición de pavimentos e limpeza de redes pluviais, entre outras.

Estas obras foron ou están sendo acometidas en diversos puntos quilométricos de media ducia de estradas da provincia de Pontevedra. Entre as obras que agora se dá conta atópanse, entre outras, a reconstrución de varios muros na estrada PO-223 no concello de Campo Lameiro cun orzamento de 750.000 euros ou a reconstrución da ponte do Muíño na parroquia de Sabarís, en Baiona, cun orzamento de 150.000 euros.



## A XUNTA AVOGA POLA PROFESIONALIZACIÓN DOS CONSELLOS REGULADORES COA APROBACIÓN DUN DECRETO QUE REGULARÁ A SÚA ADECUACIÓN Á NORMATIVA DE CONTROL DE CALIDADE

- Entre as novidades que introduce o decreto, no ámbito do control e certificación, establécese que os produtos amparados por una denominación xeográfica poderán ser efectuados ben mediante entidades independentes de control ou ben por un órgano integrado no propio consello regulador
- O Instituto Galego de Calidade Alimentaria realizará o control e certificación dos produtos alimentarios, mediante o departamento correspondente integrado na súa estrutura
- No prazo de seis meses convocaranse eleccións para a renovación do pleno dos consellos reguladores

O Consello da Xunta aprobou este xoves un decreto que ten como obxecto a regulación das denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e dos seus consellos reguladores. Este decreto será de aplicación nos produtos orixinarios de Galicia adscritos, ou que pretendan acollese, ás denominacións de orixe e ás indicacións xeográficas protexidas, ás denominacións xeográficas de bebidas espirituosas e aos viños de mesa de calidade ou viños da terra.

Entre as novidades que introduce o decreto, no ámbito do control e certificación, establécese que os produtos amparados por unha denominación xeográfica poderán ser efectuados ben mediante entidades independentes de control, que axusten o seu funcionamento aos requisitos establecidos na norma internacional de calidade para entidades de certificación de produto e autorizadas pola consellería competente para realizar o control e certificación do produto en cuestión, ben por un órgano integrado no propio consello regulador, sempre que se cumpran os requisitos establecidos na mencionada lei e neste decreto, ou ben polo Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), mediante o departamento correspondente integrado na súa estrutura.

Os proxectos de regulamento de cada denominación deberán recoller a opción escollida para o sistema de control. Ademais, a consellería competente segundo da natureza do produto, ben directamente, ben a través do Ingacal, poderá efectuar aqueles controis complementarios que considere convenientes, tanto aos operadores como ás entidades independentes de control e aos órganos de control integrados nos consellos reguladores.

O Ingacal realizará o control e certificación dos produtos alimentarios, mediante o departamento correspondente integrado na súa estrutura. Así mesmo, poderá realizar todo tipo de actividades relativas á certificación que lle sexan contratadas polos



consellos reguladores, tales como inspeccións, toma de mostras de produtos ou análises físicoquímicos ou organolépticos.

#### Eleccións ao pleno dos consellos reguladores

A Consellería do Medio Rural convocará, no prazo de seis meses desde a aprobación deste decreto, eleccións para a renovación do pleno dos consellos reguladores constituídos na data de aprobación deste decreto. Os órganos de goberno resultantes do dito proceso electoral serán os encargados de elaborar, para a súa aprobación pola consellería, a proposta de modificación do respectivo regulamento, para adaptalos ao contido da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega e deste decreto.

O pleno dos consellos reguladores estará constituído por vogais representantes dos distintos sectores integrantes de cada denominación, de acordo coa composición que se estableza no seu regulamento particular, con base a criterios de representatividade dos intereses económicos e sociais do sector. Actuará baixo a dirección da persoa que exerza a presidencia do consello regulador, que tamén formará parte do pleno, e contará coa asistencia, con voz pero sen voto, do seu secretario. As persoas que ocupen o cargo de vogal deberán estar inscritas no rexistro correspondente ao sector que representan.

Entre as novidades que supón a publicación deste decreto, e coa intención de conseguir unha maior independencia e profesionalización, está que a presidencia dos consellos reguladores será exercida pola persoa que elixa o pleno, co voto favorable da maioría dos seus membros, sen que necesariamente teña a condición de vogal. O seu nomeamento será ratificado polo titular da consellería competente verbo da natureza do produto. Así, preténdese unha maior profesionalización no ámbito do persoal integrante dos consellos reguladores, xa que será o consello en pleno o que elixirá por maioría quen vai ostentar os cargos de presidente e vicepresidente ou vicepresidentes, de acordo co establecido no seu regulamento. As persoas elixidas para os cargos de presidente e vicepresidente ou vicepresidentes, serán nomeadas posteriormente polo titular da consellería competente.



## AURORA MOINELO, NOVA DELEGADA DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA NA CORUÑA

Aurora Moinelo Paradela foi nomeada hoxe polo Consello da Xunta delegada provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na Coruña, en substitución de Esther González Saavedra, quen deixou o seu cargo para converterse en directora xeral de Protección Civil.

Aurora Moinelo licenciouse en filosofía e ciencias da educación (sección psicoloxía) na facultade da Universidade de Santiago de Compostela no ano 1984. Entre a súa formación complementaria inclúense materias como a psicopatoloxía da linguaxe, a psicoanálise e a saúde mental infantil, a inserción sociolaboral e o ensino.

Comezou a súa carreira profesional realizando actividades asistenciais na Unidade de Saúde Mental no Insalud da Coruña e posteriormente impartiu clases nun centro de estudos e nun colexio. En 1989 empezou a traballar coma orientadora laboral, función que exerceu en oficinas de emprego do Instituto Nacional de Emprego (INEM) e da Xunta de Galicia ata o ano 2000, cando se incorporou ao Concello da Coruña para desempeñar o cargo de directora do Centro Municipal de Formación.

En 2001 foi nomeada concelleira delegada de Emprego no devandito concello, posto baixo o que estableceu novas políticas para a creación e o impulso do emprego na cidade e puxo en marcha numerosos programas municipais formativos e de atención ao emprego. Entre 2003 e 2004 exerceu de novo de conselleira técnica no Concello da Coruña continuando as tarefas iniciadas dende a concellería e desde maio de 2005 ata a actualidade foi concelleira delegada de Servizos Sociais e Emprego.